



SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAN VICENTE DE TRASMAÑÓ, CELEBRADA O 21 DE MARZO DE 2016

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Nomeamento de titular e suplente dos representantes para a redacción do novo regulamento dos Consellos Parroquiais.
- 3.- Propostas para os orzamentos participativos do exercicio 2016 e previsión do reparto para os orzamentos participativos do ano 2017.
- 4.- Informar sobre o Centro Cultural de Trasmañó.
- 5.- Varios

No Centro Cultural de San Vicente de Trasmañó, sendo as vinte horas do día vinte e un de marzo de dous mil dezaséis, baixo a Presidencia do concelleiro MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS, queda convocada automáticamente a sesión para media hora máis tarde pola falta do quórum necesario para a súa válida constitución (segundo o establecido no artigo 12 do “Regulamento dos Consellos Municipais Territoriais, Consellos Municipais Parroquiais” publicado no Boletín Oficial de Pontevedra con data 12 de xuño de 2.000). As vinte horas e trinta minutos, habendo o quórum necesario (un terzo do número legal de membros do Pleno do Consello parroquial coa asistencia do Presidente e do Secretario) da comezo a sesión coa asistencia, ademais, dos seguintes membros:

GRUPOS POLITICOS:

PP – ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, en substitución de dona M^a José Barciela Barros

DANIEL CABALEIRO NOVELLE, representante do grupo político A.E.R.

COMUNIDADE DE MONTES:



FERNANDO MAGDALENA RODRIGUEZ

FERNANDO MAGDALENA BLANCO

JOSÉ LUIS RIOBÓ GIL

AVELINO ALONSO CRUZ

NON ASISTIRON:

PSOE – DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

B.N.G. - JOSÉ LUIS GRANDE GRANDE

ALVARO RICÓN GONZÁLEZ, representante das Asociacións Culturais.

ANA SANTOMÉ SANTOS, representante das Asociacións Culturais.

JOSÉ RICARDO EXPÓSITO ALONSO, representante das Asociacións Culturais.

EMILIO PARADA COVELO, representante das Asociacións Culturais.

CARMEN CABALEIRO LAGO, representante da Asociación de Mulleres

MARIO SÁNCHEZ ÁLVAREZ, representante da Comunidade de Augas.

JESÚS BAMBA VÁZQUEZ, representante da Comunidade de Augas.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ ALVAREZ, representante das Asociacións Deportivas.

INCIDENCIAS.-

Aberta a sesión pola Presidencia, comezase co primeiro punto do orde do día que é a aprobación da acta anterior (celebrada o día 20 de outubro de 2015): sendo aprobada polos votos de todos os presentes coas abstencións de dona Erminda Quelle Fernández e don Daniel Cabaleiro Novelle.

A continuación pásase ao punto dous que é o de: “Nomeamento de titular e suplente dos representantes para a redacción do novo regulamento dos Consellos Parroquiais”.

O Presidente informa que da reunión acaecida na Casa de Cultura do Concello de Redondela con 16 de febreiro de 2016 decidiuse nomear a un titular e a un suplente de cada Consello Parroquial para debatir todas as propostas que se recollan para a redacción do novo regulamento dos Consellos Parroquiais.



Por acordo dos presentes, decídese nomear a:

- Titular: Fernando Magdalena Blanco.
- Suplente: J. Luis Riobó Gil.

O Presidente tamén informa que hai varias parroquias que xa fixeron algunha proposta como Ventosela ou o Viso. Comprométese a remitir por correo electrónico aos membros do Consello Parroquial as propostas feitas por esas parroquias.

A continuación pasamos ao punto 3: “Propostas para os orzamentos participativos do exercicio 2016 e previsión do reparto para os orzamentos participativos do ano 2017”

O Presidente lembra que os orzamentos participativos para o ano 2015 quedaron anulados xa que non se aprobou o orzamento do Concello dese exercicio, pero que no ano 2016, ao aprobarse os orzamentos do Concello si hai unha partida de 15.000€ para cada parroquia.

O presidente tamén di que a previsión para o ano 2017 é que se regule no novo regulamento dos Consellos parroquiais cal vai ser a porcentaxe adicada os orzamentos participativos e como vai ser o reparto: directamente ou inversamente proporcional á poboación ou un reparto segundo as necesidades de cada parroquia.

O presidente suxire que o Consello Parroquial de Trasmañó vai pensando as súas propostas para o exercicio 2016.

Don Fernando Magdalena Rodríguez pregunta á presidencia se no presuposto dos orzamentos participativos hai aportación dalgunha subvención ou só é aportación do Concello. A isto don Miguel A. Alvarez Ballesteros responde que só é do Concello. Ademais informa que para o ano 2016 a Deputación de Pontevedra convocou subvencións para os concellos da provincia, concedéndolle ao Concello de Redondela unha cantidade aproximada de 1 millón de euros pero que xa están destinados ás propostas inicialmente fixadas na solicitude.



Don Fernando Magdalena Rodríguez pregunta en qué datas se poden presenta-las solicitudes. A isto o presidente responde que a subvención non a poden solicitar as asociacións senón o Concello. Este valora todas as necesidades e despois reparte.

Don Fernando Magdalena Rodríguez pregunta se Redondela foi declarada zona catastrófica durante o temporal. A isto o presidente di que sí é que os danos están valorados en 500.000 € e que se fai cargo o Consorcio pero só en certas partidas.

A continuación pasamos ao punto 4 que di: “Informar sobre o Centro Cultural de Trasmañó”.

O presidente comeza dicindo que o Sr Alcalde quería asistir a esta sesión para informar e explicar a situación pero por motivos de saúde non poido asistir. A continuación pasa a ler o informe da Aparelladora do Concello con data 14/03/2016 que di:

**“CESIÓN CENTRO CULTURAL E SOCIAL DE TRASMAÑÓ E AUDITORIO.
UBICACIÓN: ESTRADA SAN VICENTE DE TRASMAÑÓ NÚM. 19,
Bº IGREXA, SAN VICENTE DE TRASMAÑÓ
NÚMERO EXPTE: 378/2016**

INFORME DA APARELLADORA MUNICIPAL

En cumprimento da petición realizada o 03.03.2016, na que se me solicita informe sobre as obras de legalización do Auditorio de Trasmañó, teño o deber de emiti-lo seguinte:

INFORME

Consta expediente de reposición da legalidade urbanística núm. 2013001024 polas obras realizadas pola Comunidade de montes vecinales en man común de San Vicente de Trasmañó consistentes na ampliación de edificación existente para o seu uso como auditorio. Segundo resolución de alcaldía de data 27.10.2014, parte das obras executadas son legalizables e parte non legalizables. En concreto, son obras non legalizables:

-a parte do auditorio que se atopa dentro da franxa de recuamento de 3,0m do lindeiro sur da parcela (alzado dereito) e

-a parte do auditorio que excede o plano de 45º de cuberta máxima contabilizando éste dende a cara exterior do paramento a unha altura de 7,0m.

Sendo legalizables as restantes obras.

Tal e como se informou por esta técnica en data 16.02.2016, baixo o rexistro de entrada 16.623 de data 20.11.2015, a propiedade solicitou licenza de obra para a



legalización, reforma e ampliación da ampliación da cultural (expte. 26/2015). Xunto ca solicitude aportase proxecto técnico asinado en novembro de 2015 polos arquitectos Luis Meijide Rico, Antonio Davila Alonso e Cesar Jiménez López (sen visar). No citado proxecto se contempla a demolición de parte das obras non legalizables e a ampliación das restantes non legalizables para adaptalas ás NN.SS aportando acordo de arrimo en escritura pública ca parcela ubicada polo vento sur.

Tendo en conta as medicións recollidas no informe de reposición da legalidade urbanística pertencente ó expediente 2013001024 e vista a ampliación recollida no proxecto de legalización presentado, procede a valorarse tanto as obras executadas coma as de ampliación utilizando para elo o “manual para a estimación simplificada dos orzamentos de execución” (criterios do COAG). Asemade, farase unha estimación do presuposto de execución material (PEM) das tarefas de demolición das obras non legalizables.

Obras legalizables actuais.

- M_b O módulo de aplicación será de 520€/m² (ano 2013)
- C_x Coeficiente xeográfico: 1
- C_t Coeficiente tipoloxía: 1,1 (construción en fileira ou acaroada)
- C_u Coeficiente uso: planta alta 1,6 (auditorio)
planta semisoto 1,3 (club social).
- S Superficies: planta alta 252,06m²
planta semisoto 189,10m²

$$PEM = M_b \times C_x \times C_t \times C_u \times S$$

Planta alta = 520€/m² x 1 x 1,1 x 1,6 x 252,06m² = 230.685,31€.

Planta semisoto = 520€/m² x 1 x 1,1 x 1,3 x 189,10m² = 140.614,60€.

PEM para obras a legalizar: 371.300,07€.

Obras ampliación

Utilizando o mesma metodoloxía que no parágrafo anterior, e considerando que as obras a realizar contan cunha superficie en planta de 30,81m², obtemos:

Planta alta = 520€/m² x 1 x 1,1 x 1,6 x 30,81m² = 28.197,31€.

Planta semisoto = 520€/m² x 1 x 1,1 x 1,3 x 30,81m² = 22.910,31€.

PEM para as obras de ampliación: 51.107,62€.

Obras de demolición

O PEM das obras de demolición estímase en 3.060,36€.

Da suma de tódas as cantidades obtemos un PEM de 425.468,05€ (catrocentos vinte e cinco mil, catrocentos sesenta e oito euros con cinco céntimos).

O que lle comunico ós efectos oportunos”



Ao finalizar de ler hai discrepancias entre o presidente e os asistentes xa que o primeiro di que para legaliza-la obra necesítanse 425.000 euros, mentres que os asistentes din que só é necesario 50.000€ xa que só é necesario facerse cargo do custe de face-lo arrime (ampliación).

O presidente di que cos informes que hai non é unha obra legal, hai que legalizala; ademais hai unha denuncia.

A continuación, o presidente di que proximamente haberá unha xuntaza co Sr Alcalde no que se tratará o tema pero de momento non se pode legalizar. Ademais di que o Centro Cultural é un todo e non pode haber unha parte legal e outra ilegal.

Don José Luis Riobó Gil di que o único que hai que facer é arrimar á finca lindante, que xa se falou co propietario é que non se opón.

Don Fernando Magdalena Rodríguez di se se pode pedir algunha subvención á Deputación no novo Plan do exercicio 2016. A isto a presidencia di que non xa que a subvención da Deputación xa está concedida e xa aceptou o proxecto do Concello.

A isto, dona Erminda Quelle Fernández di que se podería pedir no Plan de Axuda Comunitaria.

Don Fernando Magdalena Blanco pregunta se hai axudas municipais para o mantemento dos edificios parroquiais. A isto o presidente di que si que hai unha subvención ata un máximo de 3.000€/centro e ano e sempre que se xustifiquen eses 3.000€. Don Fernando pregunta quen as pode pedir e para qué. O presidente contesta que se subvencionan os gastos correntes e enerxéticos: luz, gasóleo, seguro de responsabilidade civil....

A continuación pásase o derradeiro punto que é o de: “Varios”:

1.- Don J. Luis Riobó Gil di qué pasa co muro da Cabadexa: cando chove desprázase, está sen cimentación e o camiño está sen asfaltar.. a obra está sen rematar!. Di que o



muro debería estar rematado no ano 2015. A isto o presidente di que a empresa responsable da mesma quebrou e agora vai lento.

2.- Dona Erminda Quelle Fernández di que na “Curva das Zetas” sae moita auga. Esa auga é dun veciño que ten unha mina, di que ten que ser canalizada, xa que ademais a estrada está en malas condicións por ese motivo. A isto o presidente di que se é dun particular, este ten que facerse cargo da canalización- propón que se identifique ó propietario e falar con el. Don Fernando Magdalena Rodríguez propón mandarlle un escrito advertíndolle do problema e en caso de que non se faga cargo, sancionalo. Don Fernando Magdalena Blanco advirte ó presidente se hai un accidente, o responsable vai ser o Concello. Dona Erminda Quelle Fernández di que a Concelleira de Vías e Obras xa se presentou no lugar pero que non poido localiza-los propietarios. O presidente propón por unhas abrazadeiras e don J. Luis Riobó Gil un tapón. A isto, o presidente di que o tapón non é o máis recomendable porque despois rebosaría. A continuación don J. Luis Riobó Gil propón que se fale co fillo de Albino.

3.- Don Fernando Magdalena Blanco di que a estrada que vai de Trasmañó-Cedeira está chea de terra. Propón que o Concello a debería limpar, facer unha cuneta e colocar unha reixa polo medio xa que se só se limpa o problema estará tódolos anos ou que se faga algo similar xa que a reixa pode romper (propón que sexa de plástico). A isto o presidente di que as reixas son moi caras (100€/metro). Don José Luis Riobó Gil di que non saería tan caro xa que non se necesita tantos metros: só 10 metros.

Don Fernando Magdalena Blanco di que a Comunidade de Montes de San Vicente de Trasmañó fixo canaletas pero non chega; propón que o Concello se faga cargo da limpeza. Don Fernando Magdalena Rodríguez apoia esta proposta xa que esta estrada vai ser máis transitada unha vez que se abra o Mercadona. O presidente di que tampouco é recomendable anchar xa que os coches irán máis rápidos. Don Daniel Cabaleiro Novelle di que sí que hai que acondicionar esta estrada xa que moi transitada.

4.- Don J. Luis Riobó Gil di que pasando a Senda da Auga, o muro de bloques vai abaixo cada dous anos. Propón por un quitamedos. Aínda que esa zona pertenceza a Cedeira, propón que sexa unha proposta de Trasmañó xa que como afirman o Presidente



e don Daniel Cabaleiro Novelle é unha estrada máis usada polos veciños de San Vicente de Trasmañó.e

Segundo o Presidente, esta zona é agora máis transitada polo “Banco de Cedeira” e a xente está pedindo que se coloquen papeleiras pero o problema é que, como na Senda da Auga, igual co tempo hai que retiralas porque non hai quen as baleire.

Don Daniel Cabaleiro Novelle propón que se coloquen carteis para que se respecte o medio ambiente e que a zoa onde está o Banco é perigrosa. A isto o presidente di que xa se falou coa Comunidade de Montes de Cedeira para que o poñan eles xa que propiedade desta Comunidade. A isto, don Daniel Cabaleiro Novelle responde que o Banco de Cedeira é parte do Turismo de Redondela e iso é competencia do Concello polo que propón que sexa o Concello quen se faga cargo de colocar os carteis. O presidente insiste en que non é competencia do concello. Don Daniel Cabaleiro Novelle propón entón que se mande un escrito á Comunidade de Montes de Cedeira para que indiquen que a zoa do Banco de Cedeira é perigrosa: pon como exemplo o Banco de Loiba en Ortigueira.

Don Daniel Cabaleiro Novelle di por qué non se valla. A isto o presidente di que se queres facer algo no montes, debes pedir permiso á Comunidade de Montes respectiva. Don Daniel propón entón que se coloque un sinal. O presidente di que quen ten que polo é o propietario, polo tanto, a Comunidade de Montes. Don J. Luis Riobó Gil di que sexa o Concello quen se encargue de pedirlle á Comunidade de Montes a colocación dos sinais.

Don Fernando Magdalena Rodríguez di que por parte da Comunidade de Montes de San Vicente de Trasmañó xa se pediu ao Concello autorización para a colocación de 14 sinais en distintas zonas transitables da parroquia pero que aínda está pendente de resolver.

5.- Don Fernando Magdalena Rodríguez solicita que se limpen tódolos xacementos da parroquia non só a Mámoa do Rei.

O presidente di que xa falou con Xurxo e quedou de vir unha brigada con el para limpar (probablemente a partires do mes de abril)



Ás 21:17 abandona a sesión don Daniel Cabaleiro Novelle.

6.- Don Fernando Magdalena Rodríguez di se o Concello concede axudas ós Centros Culturais para actividades culturais. A isto o presidente di que non. ¿E para xornadas ou concertos? A isto o presidente di que tampouco

E, non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dáse por rematada esta, sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, esténdese a presente acta, da que, como Secretaria, DOU FE.-

O PRESIDENTE

MIGUEL A. ALVAREZ BALLESTEROS

A SECRETARIA



Mª BELÉN RODRÍGUEZ LÓPEZ